



CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

DON MANUEL ADÁN LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

DECRETO.- No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Exp G.183/2023.

Conforme as BASES POLAS QUE SE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS PARA A SELECCIÓN DE 1 TÉCNICO/A DEPORTIVO/A POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE SANTISO PARA O ANO 2023, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL PREVISTA NO ARTIGO 2 E DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO. aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2024 publicadas no BOP de A Coruña nº 54 de data 15 de marzo de 2024 e examinadas as solicitudes presentadas.

Logo de ver a Resolución de alcaldía de data 6 de setembro de 2024 onde se acorda aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos e se nomea e convoca ao tribunal de valoración e logo de ver que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 176 de data 12 de setembro de 2024.

Logo de ver a ACTA DE DATA 18 DE SETEMBRO DE 2024 DE VALORACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DEPORTIVO/A, PERSOAL LABORAL FIXO.

Logo de ver a Resolución de alcaldía de data 23 de setembro onde se convoca aos admitidos á realización do primeiro exercicio e logo de ver que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 186 de data 26 de setembro de 2024.

Logo de ver a solicitude presentada polo aspirante Don Iñigo Costa Macías con Rexistro de Entrada no Concello de Santiso nº 2024-E-RE-301 en data 25 de setembro de 2024.

Logo de ver a Resolución de alcaldía de data 1 de outubro de 2024 onde se acorda convocar ó tribunal para a revisión da solicitude presentada polo aspirante Don Iñigo Costa Macías con Rexistro de Entrada no Concello de Santiso nº 2024-E-RE-301 en data 25 de setembro de 2024.





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Logo de ver a ACTA DE DATA 7 DE OUTUBRO DE 2024 DE REVISIÓN DA VALORACIÓN DOS CURSOS PRESENTADOS POLO ASPIRANTE DON ÍÑIGO COSTA MACÍAS.

Logo de ver a documentación presentada polo aspirante Don Diego Sánchez Fernández no Rexistro de Entrada do Concello de Santiso nº 2024-E-RE-311 e 2024-E-RE-315 en datas 7 de outubro de 2024 e 9 de outubro de 2024.

Logo de ver a Resolución de alcaldía de data 23 de setembro onde se convoca aos admitidos á realización do primeiro exercicio e logo de ver que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 186 de data 26 de setembro de 2024.

Logo de ver que a Base SÉTIMA sinala o seguinte:

“A resolución da alcaldía pola que se cita ao Tribunal, para a súa constitución e para a realización da fase de oposición e concurso, así como ás persoas admitidas para a realización da fase de oposición deberá de publicarse na Sede Electrónica do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, garantíndose unha antelación mínima de 5 días hábiles dende a data desta publicación á data de realización do exercicio.”

Logo de ver que a Resolución de alcaldía de data 23 de setembro onde se convoca aos admitidos á realización do primeiro exercicio foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña cunha antelación mínima de 5 días hábiles dende a data desta publicación á data de realización do exercicio.

Logo de ver que a Resolución de alcaldía de data 23 de setembro onde se convoca aos admitidos á realización do primeiro exercicio non foi publicada na Sede Electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios do Concello como consecuencia dun erro material.

En base ó anterior e ó disposto no artigo 21,1,s) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local,

ACORDO

Primeiro: Retrotraer o expediente, como consecuencia de que a publicación da Resolución de alcaldía de data 23 de setembro onde se convoca aos admitidos á realización do primeiro exercicio, efectuada no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña non se considera completa de acordo coas bases xerais da convocatoria; ao efecto de non causar indefensión aos aspirantes, fíxase a data, hora e lugar de celebración de:

- **Elaboración e custodia do exercicio:**
 - o Data: 4 de novembro de 2024.





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

- o Hora: 10.15 horas.
- o Lugar: Casa do Concello de Santiso, Rúa Agro do Chao, 158, 15808, Santiso, A Coruña.
- **Realización do primeiro exercicio:**
 - o Data: 4 de novembro de 2024.
 - o Hora: 11.00 horas.
 - o Lugar: Casa do Concello de Santiso, Rúa Agro do Chao, 158, 15808, Santiso, A Coruña.

Segundo: Convocar aos membros do tribunal para a data, hora e lugar anteriormente citados.

Terceiro: Convocar aos admitidos á realización do primeiro exercicio na data, hora e lugar sinalados anteriormente, debendo de ir acompañados do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto: Notificar a presente resolución ó aspirante Don Diego Sánchez Fernández, como interesado no procedemento.

Quinto: Notificar a presente resolución ó aspirante Don Nicolás Castro Seoane como interesado no procedemento.

Sexto: Ordear a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de A Coruña), na Sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Santiso (<https://santiso.gal/>).

Séptimo: Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Manuel Adán López; en Santiso, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

Ante min, o Secretario-Interventor

Manuel Adán López

David Criado Taboada

